

## PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2017/18

### a) Normativa reguladora do procedemento de admisión.

**DECRETO 254/2012, do 13 de decembro**, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ( DOG de 26 de decembro de 2012)

**ORDE do 12 de marzo de 2013** pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. ( DOG de 15 de marzo de 2013)

**ORDE do 25 de xaneiro de 2017** (DOG nº 22 do 1 de febreiro de 2017), que modifica a Orde de 12 de marzo de 2013 para a súa adaptación ás novas disposicións da Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e para dar soporte xurídico á implementación da aplicación informática “admisionalumnado”

### b) Postos escolares ofertados

E. Infantil 3 anos....	75	( 9 reservados para alumnado con NEE)
E. Infantil 4 anos.....	10	
E. Infantil 5 anos.....	0	
1º E. Primaria.....	0	
2º E. Primaria.....	0	
3º E. Primaria.....	0	
4º E. Primaria.....	1	
5º E. Primaria.....	0	
6º E. Primaria.....	8	

### c) Prazo de presentación das solicitudes de admisión:

- Do 1 ao 20 de marzo ás 14:00 horas.

### d) Nota informativa:

- 1º. Cada alumno/a só pode presentar **unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**. De presentar varias solicitudes perderá os dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- 2º. O alumnado que teña garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto **deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe**.
- 3º. O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá **comunicar a renuncia á reserva** antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

## e) Procedemento

A solicitude de admisión de alumnado, que será única, realizarase mediante o modelo **Anexo II** (procedemento ED550B) aprobado pola Orde de 25 de xaneiro de 2017,  
Poderá cumprimentarse de dúas maneiras:

- De forma electrónica na aplicación **admisionalumnado**,
- De forma presencial no centro educativo solicitado en primeiro lugar: descargando previamente o anexo II para cumprimentalo de forma manual polas familias .

Os devanditos modelos tamén se poden descargar da páxina web da Consellería de Cultura, Educación e O.U. no enderezo seguinte: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/21113>

**Sinaturas:** A solicitude de admisión poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade cando se refiran a fillos/as comúns dun matrimonio non separado legalmente. Nos demais casos requírese a sinatura dos dous titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo.

**Alumnado de Necesidades Educativas:** indicar se o alumno presenta **necesidades específicas de apoio educativo**. Neste caso, achegar documentación que acredite as circunstancias alegadas.

## BAREMACIÓN:

No caso de que haxa máis solicitudes ca vacantes para algún dos cursos notificarase no taboleiro do centro e abrirase un prazo para presentar de forma presencial no centro a documentación xustificativa dos criterios de admisión alegados pola persoa solicitante.

## Prazo de presentación da documentación:

- Do 23 de marzo ao 5 de abril ás 14:00 h.

## f) Centro de secundaria de adscripción:

- IES Anxel Fole.

## h) Área de influencia do centro e límítrofes

- Ver mapa.

## i) Servizos complementarios (no presente curso 2016/17):

- Servizo de almorzo e comedor escolar por catering, xestionado polo Concello e ANPA a través da empresa Vitae.
  - Horario: Almorzo de 7,30 a 9,00 h.
  - Comedor: de 14:00 a 16:00 h.
  - Estes servizos teñen custe económico.
- Actividades extraescolares (de carácter voluntario) en horario de tarde: de luns a venres de 16:00 a 18:00: